

A RESPECTO DE QUE “HABILITEN” FICHAS/PASES OU VALES PARA AS ATRACCIÓN S INFANTÍS DURANTE AS FESTAS DO SANTIAGUIÑO DO BURGO E DA VIRXE PEREGRINA PARA NENOS E NENAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

María del Carmen Moreira Martínez, concelleira de Marea Pontevedra no Concello de Pontevedra presenta o seguinte rogo relativo á petición de que se “habiliten” fichas/pases ou vales para as atracción s infantís durante as festas do Santiaguíño do Burgo e da Virxe Peregrina para nenos e nenas en situación de exclusión social, derivados de Servizos Sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1) O cumprimento dos dereitos das infancia é unha responsabilidade compartida por toda sociedade. Por iso o compromiso coa súa educación e coidado (incluíndo o ocio educativo e lúdico) é algo que nos atinxe a todas as persoas e por suposto ás administración s públicas con mais ou menos competencias en materia de infancia.

2) O ano pasado no pleno do mes de xuño Marea Pontevedra presentou unha moción para o Concello puxera **A DISPOSICIÓN DAS FAMILIAS CON NENAS, NENOS E ADOLESCENTES EN RISCO DE EXCLUSIÓN OU DE VULNERABILIDADE SOCIAL, “PASES” PARA AS ATRACCIÓN S (“APARATOS INFANTÍS”), DAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO DO BURGO E DA VIRXE PEREGRINA.**

3) Esta moción foi aprobada. Aínda así Marea Pontevedra estivo moi pendente de que se levara a cabo este acordo plenario, e ante a falta de orzamento que manifestaba o equipo de goberno, conseguise que o colectivo de feirantes doase as devanditas “fichas”.

En total recibíronse 981 fichas. A entidade responsable de facer esta entrega foi Meniños atendendo as derivación s feitas baixo o control de Servizos Sociais, para as festas da Virxe Peregrina.

Estas fichas foron repartiron entre 131 nenos e nenas de entre 1 e 17 anos (a maioría foron para nenos e nenas maiores de 3 anos), pertencentes a 64 unidades familiares, integradas entre 3 e 4 membros por unidade de convivencia, cunha media de 7 fichas por neno e nena.

Cómpre sinalar o xesto xeneroso e comprometido do colectivo de feirante con atracción s infantís, xa que esta “doazón” que fixeron de xeito totalmente gratuíto ascendeu entorno ao 3000 euros (tendo o conta o custo de 3 euros por ficha).

Para este ano 2017, por mor do incremento de familias que padecen unha situación de empobrecemento, a estimación do número de menores en situación de risco de exclusión social que deberían ter garantido o acceso e desfrute das atracción s infantís nas festas do Santiaguíño do Burgo e a Virxe Peregrina, é de entre 150 e 175 menores.

En consecuencia co exposto, o Grupo Municipal Marea Pontevedra formula o seguinte

ROGO

1. Que o Concello de Pontevedra, habiliten para este ano 2017 fichas/pases ou vales para as atraccións infantís durante as festas do Santiaguiño do Burgo e da Virxe Peregrina para nenos e nenas en situación de exclusión social, derivados de Servizos Sociais.
2. Que estas fichas/pases ou vales leven indicado a idade da acceso a atracción infantil para facilitar a entregas das mesmas.